WIKIPEDIA

Diplodoco

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Diplodoco[1] é o nome co que se coñecen as especies pertencentes ao xénero *Diplodocus*,[2] dinosauros da familia dos diplodócidos, que viviron a finais do período Xurásico, hai aproximadamente de 150 a 147 millóns de anos no que hoxe é Norteamérica.

Diplodoco
Rango fósil: Xurásico superior



Esqueleto montado de *D. carnegii*

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Subfilo:	Vertebrata
Clase:	Sauropsida
Superorde:	Dinosauria
Orde:	Saurischia
Suborde:	Sauropodomorpha
Infraorde:	Sauropoda
Superfamilia:	Diplodocoidea
Familia:	Diplodocidae
Subfamilia:	Diplodocinae
Xénero:	***Diplodocus*** Marsh, 1878

Especies

Véxase o texto

Sinonimia

- *Seismosaurus* Gillette, 1991

Índice

Características

Eran uns dinosauros enormes, que se contan entre os maiores animais terrestres que existiron na Terra, pois medían entre 27 e 45 m e chegaban a pesar entre 30 e 50 t, aínda que saurópodos posteriores do Cretáceo, como o *Argentinosaurus*, os superaban, sobre todo no peso.

Os fósiles de *Diplodocus* encontráronse no oeste dos Estados Unidos de América (Colorado, Montana, Utah e Wyoming).

Os primeiros restos foron descubertos en 1877 por Samuel Wendell Williston, que os denominou *Diplodocus* ("os de dupla viga") en referencia á forma das vértebras da parte inferior da cola. Pensouse que estes ósos eran exclusivos dos *Diplodocus*, porén, acháronse tamén noutros membros da familia dos diplodócidos e en sauropódos non diplodócidos, como *Mamenchisaurus*.

Tiñan un pescozo e un rabo moi longos, cun corpo baixo, e camiñaba sobre as catro patas. A pesar do seu gran tamaño, tiñan unha cabeza moi pequena, con dentes así mesmo moi pequenos.

É probábel que pastaran nas grandes chairas de felgos e cicadáceas da súa época, chegando a consumir tamén as árbores de baixa altura, xa que non podía subir moito o seu pescozo.

Especies

- *Diplodocus longus* Marsh (especie tipo)
- *Diplodocus carnegiei* Hatcher, 1901
- *Diplodocus hallorum* (Gillette, 1991) Lucas *et al.*, 2004
- *Diplodocus hayi* Holland, 1924



Cranio de diplodoco.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/diplodoco) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/diplodoco) para *diplodoco*.
2. Do grego διπλός *diplós* "duplo, dupla" e δοκός *dokós* "trabe" é dicir, viga dupla". (Liddell & Scott (1980): Greek-English Lexicon, Abridged Edition. Oxford University Press, Oxford, UK. ISBN 0-19-910207-4.)

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Diplodocus (http://www.enchantedlearning.com/subjects/dinosaurs/dinos/Diplodocus.shtml) *(en inglés)*
- Diplodocus fossil picture (https://web.archive.org/web/20051023114023/http://www.mantyweb.com/dinosaur/diplodocus_fossil.htm) *(en inglés)*